

I CONGRESO GALEGO DE BALONCESTO EN IDADE ESCOLAR

Santiago de Compostela, marzo,2009

Importancia dos pais na educación deportiva dos novos xogadores.



Dra. Milagro Ezquerro. UDC.

O papel dos pais na participación deportiva dos nenos

- **Campaña: Cuenta hasta tres.** Cruz, J., *et al.* (2003,2005.)
Plan de acción, 2008-2011.
- **Intervención: Entrenando a padres y madres.**(Gimeno, F. 2003,2004,2005,2006,2007,2008)
- **Investigación: Influencia de los padres en el compromiso deportivo:** Torregrosa, M. *et al.*(2007).

Campaña: Conte ata tres

- Informe e asesore ao seu fillo respecto ao deporte, pero déixelle que teña el a última palabra.
- Practique algún tipo de deporte ou actividade física, ofrecendo un modelo de vida activa.
- Valore o desenvolvemento físico e a saúde dos programas deportivos antes que o rendemento.
- Anime e aplauda tanto as boas xogadas como o esforzo durante os partidos.
- Aplauda as boas xogadas do equipo rival, independentemente do resultado.
- Recoñeza a tarefa do adestrador e abstéñase de dar instrucións técnicas que poidan contradicilo .
- Respecte as regras do deporte e as decisións arbitrais aínda que sexan erróneas.
- Promova o respecto e as boas relacións coa afección do equipo contrario.
- Ensine ao seu fillo a coidar as instalacións e o material deportivo.
- Colabore nas tarefas de apoio á organización do equipo e do club.

Intervención: Adestrando a pais e nais

- Recollida de datos: pais, adestradores e novos deportistas
- Identificación de puntos de acordo e de puntos conflictivos
- Establecemento dun compromiso
- Adestramento en habilidades de prevención e solución de problemas interpersoais
- Avaliación do efecto da intervención

Desencadeante

Reacción
emocional

Resposta

Consecuencia

Investigación: O papel dos pais na participación deportiva dos nenos

- **Instrumentos:**
- ***Parental Involvement Sport Questionnaire*** PISQU. (Lee e Maclean 1997). Comportamentos directivos; apoio e comprensión; implicación activa e percepción de presión
- **Cuestionario de Compromiso deportivo** SCQe (Scanlan *et al* 2001): Compromiso deportivo; diversión deportiva; inversións persoais; coacción social; oportunidades e alternativas á implicación.

Implicación dos pais: dos efectos contrapostos

- **Canto máis apoian e máis activamente se implican (participación positiva)**
- **Emiten máis comportamentos directivos (participación negativa), xerando presión e críticas e pola contradición cos técnicos**
- **Con ambos tipos de participación, os xogadores perciben maior apoio e comprensión, que sen dita participación**

Implicación activa dos pais

- A participación positiva (apoio) contribúe ao aumento do compromiso deportivo.
- A participación negativa (comportamentos directivos) correlaciona cunha percepción de coaccións sociais para continuar coa actividade.
- **Os deportistas perciben que as súas familias amosan un grado de comprensión e apoio significativamente superior aos comportamentos directivos que emiten ($t = 32,19, p < 0,05$).**

Efecto pai vs. nai

- **Niveles máis altos de compromiso cando o que máis se implica é o pai**
- **Niveles máis altos de diversión cando a que se implica é a nai.**
- **Niveles máis altos de percepción de comportamentos directivos, apoio e comprensión, aparecen cando o que máis se implica é o pai**

Outros efectos

- A participación (ou non) do pai ou da nai, non teñen ningún efecto sobre a diversión
- Tampouco, sobre a percepción de coaccións sociais
- Nin sobre a percepción de oportunidades
- Se inflúe no compromiso.
- Os deportistas que perciben que o seu pai é o que máis se involucra están significativamente máis comprometidos co deporte que aqueles que perciben que a máis involucrada é a nai.

Percepción dos deportistas respecto á conduta dos pais

- Os deportistas amosan unha boa predisposición a continuar xogando,
- Divírtense coa práctica
- Perciben que o deporte lles proporciona oportunidades e
- Perciben un grado relativamente baixo de coaccións sociais para a práctica deportiva.
- Canto máis apoio e comprensión das familias, maior implicación activa e tamén maior número de comportamentos directivos destas.

- Tomando como variable dependente o compromiso dos deportistas e como variables predictoras, los comportamentos directivos, a comprensión, e a implicación activa dos pais resulta estadísticamente significativo ($F = 49,51$, $p < 0,05$),
- A percepción de los comportamentos das familias por parte dos deportistas determina significativamente o seu nivel de compromiso con respecto do deporte.

- O compromiso, a diversión e as oportunidades están moderadas e positivamente relacionados entre si ($r = 0,58$, $r = 0,48$, $r = 0,43$)
- A subescala de coaccións presenta unha certa independencia respecto ao resto.
- As coaccións sociais parecen relacionarse máis coa implicación activa ($r = 0,30$) e os comportamentos directivos ($r = 0,38$) e, en cambio, o apoio e comprensión se asocia máis ben co compromiso ($r = 0,37$).

Os adestradores queren....

- Que os nenos se involucren en actividades deportivas
- Que desfruten co deporte
- Que adquiran competencias e habilidades motrices
- Que aprendan a respectar as regras
- Que descubran o traballo en equipo
- Que se relacionen cos seus compañeiros
- Que experimenten o éxito e o fracaso
- Que lle dean valor ao esforzo e á superación
- Que desenrolen o carácter
- Que adquiran hábitos saudables

